



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



No curso 2001/2002 impartiranse na Universidade tres titulacións propias de segundo ciclo. Na *Normativa provisoria sobre titulacións propias* que aprobou a Xunta de Goberno na sesión do 5 de maio de 2000 establécese que a Xestión Académica destas titulacións farase de xeito similar á do resto das titulacións da Universidade de Santiago de Compostela; non obstante, tendo en conta as particularidades que estas titulacións presentan, cómpre completar a normativa que lle é de aplicación polo que,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Os Complementos de formación que, de ser o caso, teñan que realizar os alumnos que se matriculen en Enxeñería Ambiental ou en Tecnoloxía da Información e as Comunicacions, deberan cursalos ó longo do segundo ciclo. Será a Comisión Académica da titulación a que determine os Complementos de Formación que, no seu caso, deba facer o alumno. A matrícula dos Complementos de Formación deberá realizarse **no prazo de 10 días** dende que reciban a notificación da Comisión Académica indicándolle as materias que deberán matricular como complementos de formación.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2001

O RECTOR



Darío Villanueva Prieto

SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS - SR. SECRETARIO XERAL - SRS. DIRECTORES DAS TITULACIÓNS DE ENXEÑERÍA AMBIENTAL, XERONTOLOXÍA E TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN E AS COMUNICACIÓNS - SR. XEFE DA ASESORÍA XURÍDICA - SRA. XEFA DO SERVICIO DE ALUMNADO - SRS/AS XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA - SR. DIRECTOR DO SEIN - SR. DIRECTOR DO COIE.